

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA.

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia creou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia establece dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade como un órgano superior e de dirección á Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

A Fundación Meniños conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con menores, pero tamén con mulleres e familias vítimas da violencia de xénero. No ano 2018 puxo en marcha unha unidade de intervención: "LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa", única en Galicia, dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres



vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.

Os obxectivos principais son: o desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións de traumatización, acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso, elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover o súa integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Como complemento á intervención terapéutica, este ano vaise a por en marcha o programa *Recórporate* co que se trata de impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da combinación dunha intervención psicolóxica e un adestramento físico de forza nun contorno de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais, incidindo a través do exercicio físico no traballo corporal, para activar cambios a nivel de funcionamento psicolóxico que potencien dita intervención.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Fundación Meniños, para o desenvolvemento dun programa de intervención especializada con mulleres vítimas de violencia sexual que terá carácter gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

